

**Prego de Prescricións Técnicas para a contratación da subministración de material de cama para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.**

**2024/CON\_02/000052**

**Obxecto do prego**

Este prego ten por obxecto describir o material a fornecer neste caso, para incorporalo como material de cama aos cubículos da área de descanso da Granxa Gayoso Castro e definir as condicións e criterios técnicos que han de servir de base á devandita subministración para que o material poida ser aceptado polo persoal da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

**Obxecto do contrato**

O presente prego, define e describe a subministración que é preciso realizar, para a completa execución do contrato de subministración na Granxa Gayoso Castro. Para a consecución do contrato deberá fornecerse o material que máis adiante se describe nas instalacións da Granxa Gayoso Castro e incorporalo aos cubículos que conforman a área de descanso do gando como material de cama e/ou proceder á súa descarga instalacións da Granxa Provincial, segundo as indicacións do persoal responsable da Granxa, de maneira que cumpra as necesidades solicitadas polos mesmos. Será de conta do licitador a realización de todos e cada un dos traballos necesarios para alcanzar o obxecto do contrato.

Este prego considerárase integrado na súa totalidade ao de condicións particulares do contrato, formando, en consecuencia, parte do devandito contrato. En caso de discrepancia entre o contido entre ambos os pregos, prevalecerá o disposto no Prego de Condicións Particulares (en diante PCAP).


**Clasificación CPV**

CPV : 03417100-7 Serrín. 24313300-4 Carbonatos

**Orzamento base de licitación**

Do estudo dos prezos de mercado do material para fornecer, estimouse un orzamento máximo de licitación para a subministración de 355Tn de material de cama para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo que ascende á cantidade de 29.000,00€ anuais ao que hai que engadir a cantidade de 2.900,00 € correspondente ao IVE (10%), o que supón un total de 31.900,00 €, tal e como se desagra a continuación:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (OBL)				
CONCEPTO	PREZO/ TONELADA	ORZAMENTO (Sen IVE)	IVE (10%)	ORZAMENTO (IVE Engadido)
Subministro de 325Tn material para a cama dos cubículos da Granxa Gayoso Castro. (70% carbonato cálcico /25% serrín /5% cascarilla de arroz)	80,00 €/ Tn.	26.000,00 €	2.600,00 €	28.600,00 €
Subministro de 30 Tn material para a cama da área de cría de xovencas da Granxa Gayoso Castro. (20% carbonato cálcico /80% serrín )	100,00 €/Tn.	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €
	<b>OBS(OBL)</b>	<b>29.000,00 €</b>	<b>2.900,00 €</b>	<b>31.900,00 €</b>

	IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU	<b>Fecha y Hora</b>	02/09/2024 12:14:30		
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
<b>Firmado por</b>	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)				
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU</a>	<b>Página</b>	1/4		

O pago do contrato, unha vez completados os traballos obxecto do mesmo e coa previa conformidade do responsable da Granxa Gayoso Castro, efectuarase nos termos e condicións fixadas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

O importe indicado máis arriba da subministración, inclúe o transporte, as pesadas no seu caso e a descarga do material obxecto da subministración nas instalacións da Granxa Gayoso Castro para a súa almacenaxe e/ou a súa incorporación aos cubículos da zona de descanso da Granxa Provincial como material de cama, segundo as necesidades definidas polos responsables do servizo. En definitiva, todos aqueles traballos necesarios para a completa execución do contrato.

Dentro do importe están incluídos tamén os gastos debidos a impostos, pagas extraordinarias, complementos, pluses, gratificacións, locomoción, desprazamentos, dietas, parte proporcional de vacacións, seguridade social, gastos xerais de empresa e beneficio industrial e, en xeral, todos os gastos necesarios para o desenvolvemento do contrato.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causas de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Granxa Gayoso Castro.

#### Criterios de adxudicación

Procederá como criterio único o prezo, en aplicación do artigo 145.3.f) da LCSP. Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un único criterio de adxudicación: a oferta máis vantaxosa entendida como a mellor oferta en base á porcentaxe de desconto máis alta que se aplicará sobre os prezos unitarios por tonelada (Prezo/Tn). A porcentaxe de desconto ofertada aplicarase sobre ambos os dous conceptos contemplados nas subministracións obxecto do contrato. As ofertas rexistraranse por orde de prelación da máis a menos vantaxosa.


#### Subministración a realizar e características técnicas

A subministración axustarase as características técnicas que se definen neste Prego de Prescricións Técnicas, e en todo caso incluírá unha mistura con base de carbonato cálcico (70%), serrín de pino (25%) e cascarilla de arroz (5%) para incorporalo como material de cama nos cubículos da Granxa Gayoso Castro, cumprindo a finalidade de aportar aos animais unha cama comfortable, limpa e seca. Se ben, tendo en conta as necesidades de mantemento da área de descanso das xovencas que se crían na Granxa Provincial é preciso unha mistura para incorporar como material de cama con variacións nas proporcións dos compoñentes da mesma, xa que logo se trata de animais de menor tamaño e peso, con feces máis consistentes, variando as necesidades de confort da área de descanso e o seu mantemento, precisándose deste xeito unha mistura a base de serrín (80%) e carbonato cálcico (20%) para incorporar como material de cama na área de cría das xovencas.

Tendo en conta o tipo de nave gandeira, o tamaño do rabaño da Granxa Gayoso Castro e o estudo das cantidades fornecidas habitualmente na Granxa Gayoso Castro, considérase axeitado repoñer arredor de 20 Tn do material de cama de elección cada 20 días aproximadamente para manter en axeitadas condicións a cama e a superficie dos cubículos, polo que se estiman unhas necesidades do material obxecto do subministro de 325 Tn para os cubículos e de 30Tn para a área de descanso das xovencas.

A subministración realizarase nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro sita en Avda. Terra Chá, s/n - CASTRO RIBEIRAS DE LEA (Lugo), en coordinación co persoal responsable da Granxa, previo aviso por parte da adxudicataria do momento no que se vai proceder a realizar a dita subministración, debendo contar a empresa adxudicataria cos medios de transporte, materiais e humanos para o axeitado cumprimento do contrato ao respecto da subministración do material obxecto do contrato. Deberá dispoñer así mesmo dos medios necesarios materiais e humanos para proceder á descarga do subministro nas instalacións da Granxa Provincial, incorporando como material de cama nos cubículos da área de descanso da dita Granxa.

	IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU	Fecha y Hora	02/09/2024 12:14:30
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU</a>	Página	2/4



As cantidades estimadas non constitúen un compromiso de compra por parte da Granxa Gayoso Castro, representando unicamente unha referencia orientativa para facilitar aos licitadores a preparación das súas ofertas, sen que poida derivarse da devandita referencia obrigación algunha para a Granxa Gayoso Castro, polo que a subministración efectiva realizarase en función das necesidades.

A cantidade e frecuencia da subministración, segundo criterio do responsable do contrato, poderá ser distinta en cada un dos pedidos, que serán oportunamente comunicados ao contratista. O prazo de entrega dende que se emite o aviso da necesidade do subministro será de 48 horas e a cantidade a subministrar será a que indique o persoal responsable da Granxa e coa frecuencia que en función das necesidades determinen.

O incumprimento da data indicada como data límite para a subministración obxecto do contrato, por causas imputables ao adxudicatario, dará lugar a que lle sexan impostas as oportunas penalizacións, tal e como se xustifica no epígrafe correspondente do PCAP.

É tarefa do adxudicatario dispoñer de toda a documentación necesaria para o transporte do material obxecto do subministro conforme ás normativas vixentes. Rexeitarase o subministro obxecto do contrato, se o material obxecto do subministro non cumpre coas características técnicas que se describen no presente prego, reservándose a Administración o dereito a realizar cantas análises considere oportunas a fin de determinar a calidade do produto, podendo facer cantas comprobacións estime necesarias a fin de comprobar a calidade do produto no momento da elaboración da mistura e/ ou durante a súa descarga, sen previo aviso ao adxudicatario da realización de tales comprobacións, podendo rexeitar o produto se se considera non conforme ao respecto das características técnicas establecidas no presente Prego de Prescricións Técnicas. Así mesmo a Deputación reservase o dereito de comprobar o peso total da subministración obxecto do contrato e de cada unha das partidas que se subministren.

#### **Prazo de duración**

O prazo de duración do contrato será dun (1) ANO, prorrogable por anualidades ate un máximo de unha (1) prórroga (1+1), aínda que se realizarán entregas parciais periodicamente durante o devandito ano a demanda das necesidades estipuladas polos responsables da Granxa Gayoso Castro.

#### **Facturación**

Emitirase unha factura por subministración completa e descargada, que deberá incluír de xeito detallado as subministracións fornecidas nesa entrega co detalle do prezo de unitario e o desconto ofertado, de ser o caso. Ao tratarse da subministración con entregas parciais, as ofertas económicas deberán reflectir o prezo unitario para as facturacións correspondentes.

#### **Responsable do contrato**


A responsable do contrato será Sonia Verdes Gil, Directora da Granxa Provincial Gayoso Castro (Área de Recursos Sostibles).

#### **Medidas de seguridade e hixiene no traballos**

O adxudicatario do contrato deberá dispoñer, en todo momento, as medidas de prevención de riscos laborais precisos para garantir que a execución dos traballos non ocasione danos ou prexuízos operativos ou a terceiros nos procesos necesarios para a execución do contrato. Nesta materia, os traballos levaranse a cabo conforme o disposto no RD 1627/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde.

As operacións de transporte, carga e descarga do material estarán convenientemente sinalizadas e protexidas para evitar os danos e accidentes de todo tipo. Darase conta ao responsable do contrato das medidas de seguridade,

	IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU	<b>Fecha y Hora</b>	02/09/2024 12:14:30
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU</a>	<b>Página</b>	3/4






protección e sinalización adoptadas neste sentido. Será obriga do adxudicatario indemnizar por todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros ou á Granxa Gayoso Castro como consecuencia das operacións que requiren a execución do contrato. Esta responsabilidade estará garantida mediante o correspondente seguro de responsabilidade civil.

En todo caso, dispoñeranse todas as medidas e dispositivos necesarios para garantir a seguridade e saúde no traballo, de conformidade á normativa vixente.

Asinado dixitalmente,

A directora da Granxa Gayoso Castro.

Sonia Verdes Gil

	IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU	<b>Fecha y Hora</b>	02/09/2024 12:14:30	
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
<b>Firmado por</b>	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U44P2J4FNXDU5435UERBACU</a>	<b>Página</b>	4/4	